

14 Marzo de 2016 - Revista 1064

Revista Semanal

da Rede Galega de Información Xuvenil



xuventude.net

EN PORTADA / 2

NOVAS FORMACION / 8

BOLSAS E AXUDAS / 12

PREMIOS E CONCURSOS / 14

NOVAS DE EMPREGO / 20

NOVAS DAS CASAS DA XUVENTUDE E OMIX / 29

EN PORTADA

A directora xeral de Voluntariado recolle as ideas dos mozos e mozas participantes nos programas de xuventude co obxectivo de mellorar as actuacións no eido da mocidade

Martes, 08 Marzo 2016 08:37

A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, mantivo hoxe unha xuntanza de traballo cos mozos e mozas das comarcas de **Arzúa** e **Melide** que participaron ao longo de 2015 nos diferentes programas postos en marcha pola Dirección Xeral, entre eles, **Iniciativa Xove**, **Voluntariado Xuvenil**, **Galeuropa** ou **Deseñando o teu futuro**. Xuntanzas como a desta xornada en **Melide**, teñen como obxectivo escoitar as conclusións dos participantes nos diferentes programas, coa fin de coñecer as súas ideas, queixas ou dúbidas e así poder mellorar as prestacións dos recursos que a Dirección Xeral de Xuventude programa para os mozos e mozas de Galicia. "Consideramos prioritario que tomen parte activa e se impliquen ao máximo nos plans de futuro e no desenvolvemento da programación de Xuventude", indicou Cecilia Vázquez.

No transcurso do encontro, a directora xeral recordou que o prazo para presentar proxectos no programa de participación xuvenil **Iniciativa Xove** está aberto ata o vindeiro 4 de abril. Trátase dun programa de educación non formal pioneiro no ámbito de todo o Estado, que aposta por ceder o protagonismo á mocidade, fomentando valores positivos como a responsabilidade, a comunicación ou o sentido da iniciativa.

Iniciativa Xove conta en 2016 cun investimento de 547.364,95 euros, un orzamento dirixido tanto a asociacións xuvenís como a grupos informais de mozos e mozas. O programa permite financiar o cen por cento dos proxectos presentados, cunha contía máxima de 5.000 euros. Todas as entidades e grupos aos cales se lle conceda a axuda e o soliciten, recibirán un anticipo do 80% sobre o total da cantidade concedida. Unha medida que evita que a posible falta de liquidez das persoas novas constitúa un impedimento para a posta en marcha dos seus proxectos. Unha vez finalizados, os participantes poden obter un certificado oficial de experiencias de educación non formal en materia de Xuventude, como instrumento que permite confirmar a participación neste programa e sobre todo, valorar as competencias adquiridas.

Por outra banda, a directora xeral tamén mantivo unha xuntanza con alcaldes e concelleiros da xuventude das comarcas de **Arzúa** e **Melide**, co obxectivo de coordinar e mellorar as políticas de mocidade que se prestan de xeito conxunto entre os concellos e a administración autonómica, ademais de poder presentar a programación da Dirección Xeral para 2016.

Entre os meses de febreiro e abril, Cecilia Vázquez está a manter un total de 14 encontros con mozos e mozas de toda Galicia e cos responsables de xuventude dos concellos. As primeiras xuntanzas tiveron lugar en *Chantada, Lugo, Noia e Melide*. Tamén se celebrarán en *Ferrol, A Coruña, Lalín, Vilagarcía, Pontevedra, Santiago, Ourense, Vigo, Betanzos e Carballo*.

A Xunta de Galicia celebra durante este mes de marzo un total de 51 obradoiros para o desenvolvemento e execución de proxectos de participación xuvenil

Mercores, 09 Marzo 2016 09:01

A **Xunta de Galicia** impulsa a implicación activa da mocidade e o desenvolvemento dos seus propios proxectos a través da convocatoria dunha nova edición do programa **Iniciativa Xove** da Consellería de Política Social, que ten aberto o prazo de presentación de solicitudes ata o día **4 de abril**. Co obxectivo de difundir esta acción e para que os rapaces e rapazas dispoñan da información e das ferramentas que necesitan para o deseño e execución de proxectos de calidade, a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado organiza durante este mes de **marzo** un total de **51 obradoiros xuvenís**.

Esta iniciativa está dirixida a menores de 30 anos, animadores xuvenís, técnicos locais de emprego, axentes de desenvolvemento local, concelleiros de xuventude, asociacións xuvenís, grupos informais e, en xeral, a calquera colectivo interesado en programas de participación xuvenil. Os obradoiros constitúen unha ferramenta de traballo sobre iniciativas xuvenís en grupos reducidos, enfocados a mozos e mozas que busquen mellorar as súas competencias en cando á redacción e execución de proxectos.

A orde do programa **Iniciativa Xove**, dirixida tanto a asociacións xuvenís como a grupos informais, publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG) o pasado **3 de marzo**. O Goberno galego concibe este programa como un instrumento para que a mocidade poida demostrar a súa capacidade para organizar, emprender e impulsar actividades nos que os actores principais son os rapaces e rapazas.

Apoiar ao redor de 150 iniciativas

Para este ano **Iniciativa Xove** conta cun orzamento de arredor de 550.000 euros, que vai permitir o financiamento dunhas de 140 iniciativas e proxectos xuvenís. Poderase custear o cento por cen de proxectos de interese cun orzamento máximo de 5.000 euros.

Así mesmo, todas as entidades e grupos aos que se lle conceda a axuda e o soliciten, recibirán un anticipo do 80 % sobre o total da cantidade outorgada. Isto permitiralles sufragar o proxecto sen ter que poñer apenas cartos do seu peto, o que evita que a posible falta de liquidez das persoas novas constitúa un impedimento para a posta en marcha das súas propostas.

Con esta liña de axudas a **Xunta** pretende fomentar a participación da mocidade, co propósito de estimular o talento xuvenil e que esta poida poñer en practica as súas ideas relacionadas co emprendemento, o lecer, a comunicación, as novas tecnoloxías e outros campos do seu interese. Como novidade este ano, entre as áreas prioritarias nas que se enmarcarán os proxectos, inclúese a posta en marcha de proxectos que contribúan á conservación do medio ambiente e posta en valor do patrimonio natural.

Unha vez finalizados os proxectos, os participantes poden obter un certificado oficial de experiencias de educación non formal en materia de xuventude, como instrumento que permite confirmar a participación neste programa e sobre todo valorar as competencias adquiridas.

Cecilia Vázquez recolle as ideas dos mozos e mozas participantes nos programas de Xuventude en Ferrolterra, Eume e Ortegal co obxectivo de mellorar as actuacións no eido da mocidade

Xoves, 10 Marzo 2016 08:51

A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, mantivo hoxe en **Ferrol** a **quinta xuntanza de traballo** cos mozos e mozas que participaron ao longo de 2015 nos diferentes programas postos en marcha pola Dirección Xeral, entre eles, **Iniciativa Xove, Voluntariado Xuvenil, Galeuropa** ou **Deseñando o teu futuro**.

Esta iniciativa ten como obxectivo o de escoitar as súas conclusións á hora de participar nos diferentes programas, co fin de coñecer as súas suxestións, queixas ou dúbidas para recollelas e así poder mellorar as prestacións dos recursos que a *Dirección Xeral* programa para os mozos e mozas de Galicia.

Cecilia Vázquez explicou na xuntanza que *"estas reunións forman parte das accións de participación da mocidade nos temas do seu interese, xa que consideramos prioritario que tomen parte activa e se impliquen ao máximo nos plans de futuro e no desenvolvemento da programación desta administración"*. Nesta ocasión, os mozos e mozas que participaron na xuntanza foron os das comarcas de *Ferrolterra, Eume* e *Ortegal*.

Ademais, Cecilia Vázquez tamén mantivo unha xuntanza con alcaldes e concelleiros de xuventude destas comarcas, co obxectivo de coordinar e mellorar as políticas de mocidade que se prestan de xeito conxunto entre os concellos e a administración autonómica e de presentar a programación da *Dirección Xeral* para 2016.

Entre os meses de febreiro e abril, Cecilia Vázquez está a manter un total de **14 encontros** con mozos e mozas de toda **Galicia** así como cos responsables de xuventude dos concellos. As xuntanzas xa se celebraron en *Chantada, Lugo, Noia, Melide* e *Ferrol* e nas vindeiras semanas terán lugar en *A Coruña, Lalín, Vilagarcía, Pontevedra, Santiago, Ourense, Vigo, Betanzos* e *Carballo*.

O Conselleiro de Política Social recibe a quince mozas e mozos xaponeses que visitan Galicia grazas ao programa de intercambios xuvenís "A xuventude no mundo"

Xoves, 10 Marzo 2016 14:35

• José Manuel Rey Varela deulles a benvida e desexoulles unha boa estancia, na que poidan coñecer a cultura, a lingua e as costumes galegas.

• Convivirán coas familias dos galegos e galegas que participaron na Prefectura de Wakayama no intercambio de ida no pasado mes de agosto.

O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela deu hoxe a benvida a **Galicia** a **quince mozos e mozas xaponeses**, procedentes da prefectura de **Wakayama**, que participan no programa de intercambios xuvenís **"A Xuventude no mundo"**. O titular da carteira autonómica desexoulles unha boa estancia, *"na que poidan coñecer a cultura, a lingua e as costumes galegas"*.

Os intercambios xuvenís permiten aos rapaces e rapazas participantes desenvolver habilidades, competencias e coñecementos, descubrir novas culturas, costumes e estilos de vida a través da aprendizaxe entre iguais. Ademais, grazas a este programa se consolidan valores como a solidariedade, a democracia e a amizade; facilita a concienciación intercultural e a mellora das competencias lingüísticas. Este proceso de aprendizaxe realízase a través de métodos de educación non formal.

Galicia e **Wakayama** teñen dúas culturas moi diferentes pero unidas por un forte vínculo, xa que ambas comunidades son o núcleo de dous dos itinerarios de peregrinación e culturais máis importantes do mundo: o **Camiño de Santiago** e o **Camiño Kumano Kodo**, recoñecidos pola **UNESCO** como **Patrimonio da Humanidade**.

O intercambio durará unha semana na que os mozos e mozas xaponeses coñecerán a cultura, a lingua e as costumes galegas, relacionarase coa xuventude galega en distintas actividades e durante os dous últimos días do intercambio convivirán coas familias dos galegos e galegas que participaron na **Prefectura de Wakayama** no intercambio de ida no pasado mes de agosto.

No 2009 se estableceu un protocolo de traballo entre as dúas administracións rexionais para favorecer os lazos de unión entre as entidades xuvenís de **Wakayama** e **Galicia**. Este é o undécimo intercambio que se realiza entre estas comunidades entre os anos 2010 e 2016 e do que se beneficiaron neste período de tempo un total de 160 rapaces e rapazas.

No ano 2014 a **Xunta de Galicia** puxo en marcha o **Plan estratéxico de xuventude de Galicia 2014-2016. Horizonte 2020**, no que se recollen as políticas públicas en materia de xuventude desenvolvidas polas diferentes consellerías da Xunta de Galicia. Un documento que ten como un dos seus eixos prioritarios a promoción da mobilidade xuvenil a través de programas como **A Xuventude no mundo, Galeuropa** ou **Erasmus+**.

A Xunta de Galicia inviste preto de 550.000 euros no programa Iniciativa Xove de educación non formal

Luns, 14 Marzo 2016 10:33



A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez Suárez, presentou esta mañá na *delegación territorial da Xunta de Galicia en Vigo*, o programa **Iniciativa Xove** de participación xuvenil. Trátase dunha iniciativa de educación non formal pioneira a nivel de todo o Estado *"no que a administración non lle indica aos mozos e mozas o que teñen que facer, senón que lles pide"*

propostas para despois apoiadas co propósito de estimular o liderado, a creatividade e o talento xuvenil”, explicou Cecilia Vázquez, que compareceu en rolda de prensa acompañada do delegado territorial da Xunta de Galicia na cidade olívica, Ignacio López-Chaves. **Iniciativa Xove** permitirá o desenvolvemento de 140 proxectos nos que participarán máis de 700 rapaces e rapazas.

Esta iniciativa contará en 2016 cun investimento de 547.364,95 euros, un orzamento dirixido tanto a asociacións xuvenís como a grupos informais de mozos e mozas. O programa está concibido como un instrumento para que a mocidade poida demostrar a súa capacidade para organizar, emprender e impulsar actividades nas que os actores principais son eles mesmos. Así, grazas á axuda económica da Xunta de Galicia, “este programa permite financiar o cen por cen dos proxectos presentados. O orzamento máximo por proxecto é de 5.000 euros e esta é unha das novidades da Orde deste ano, xa que ata o de agora, o límite financeiro estaba en 4.000 euros”, afirmou a directora xeral. O **prazo** de presentación de proxectos remata o **luns 4 de abril**.

Todas as entidades e grupos aos que se lle conceda a axuda e o soliciten, recibirán un anticipo do 80% sobre o total da cantidade concedida. Unha medida que evita que a posible falta de liquidez das persoas novas constitúa un impedimento para a posta en marcha das súas ideas.

Unha vez finalizados os proxectos, os participantes poden obter un certificado oficial de experiencias de educación non formal en materia de xuventude, como instrumento que permite confirmar a participación nos programas de educación non formal.

As políticas máis modernas e innovadoras en materia de **Xuventude** en toda Europa teñen como nexos de unión a educación non formal como medio para mellorar as competencias curriculares dos mozos e mozas. Así, **Iniciativa Xove** representa o compromiso da Xunta de Galicia coa educación non formal, como ferramenta para estimular o protagonismo da xuventude e o talento dos líderes do futuro, tal e como recolle a primeira **Lei de Xuventude de Galicia**.

Ademais, nesta lexislatura, culmínase o proceso iniciado en 2010, que permitiu a renovación total dos programas da *Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado*. Con este cambio do marco de traballo, **Iniciativa Xove** permitiu a organización dun total de 1.007 proxectos xuvenís que foron realizados de xeito directo por máis de 5.000 mozos e mozas. “Isto significa un investimento en educación non formal de 3.700.000 euros entre o ano 2010 e o ano 2015”, afirmou Cecilia Vázquez.

Nos últimos anos a administración autonómica puxo en marcha proxectos pioneiros a nivel de todo o estado, que facilitan aos mozos e mozas a adquisición de coñecementos, habilidades e aptitudes que aumentan as súas posibilidades de empregabilidade, como ademais de **Iniciativa Xove**, os programas **Erasmus +**, **Voluntariado Xuvenil**, **Galeuropa**, **Campaña de Verán** e **Deseñando o teu Futuro**.

A Dirección Xeral de Xuventude porá en marcha un servizo de consulta a través de videochamada para Quérote+

Luns, 14 Marzo 2016 10:36

A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado porá en marcha nas vindeiras semanas un novo servizo de videochamada para que os mozos e mozas poidan asesorarse e formular as súas consultas aos profesionais do **Quérote+**. Ata o momento os usuarios

do **Quérote+** podían facer as súas consultas de forma presencial, telefónica, on-line ou por mensaxería instantánea a través de aplicacións como **Whatsapp** ou **Telegram** e agora tamén o poderán facer a través de videochamada con **Skype** e **Hangouts**.

A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, probou hoxe este novo servizo cunha videoconferencia dende o **Espazo Xove de Vilagarcía** coas oficinas en **Lugo** do **Quérote+**. O servizo estará a proba durante tres meses, nos que se testeará e se mellorará o protocolo de atención para unha maior eficacia e unha mellor atención aos usuarios. Durante estes meses, o servizo estará dispoñible os luns, mércores e venres en horario de 9,30 a 14,00 horas e as tardes dos luns e dos mércores de 16,30 a 19,00 horas.

A videochamada permite o acceso ao servizo de atención ás mozas e aos mozos que teñan dificultade para achegarse de xeito presencial a un dos centros **Quérote+**. Permite unha comunicación directa, a tempo real, verbal e non verbal, o que permite un asesoramento máis personalizado.

Deste xeito as barreiras físicas que poden supor unha limitación de acceso ao recurso quedan anuladas e permítese que o servizo sexa accesible a un maior número de xóvenes, máis homoxéneo e igualitario entre toda a mocidade galega.

O contacto por **Skype** realízase a través do usuario “**Quérote+ Videochamada**” e para empregar a videochamada a través de **Hangouts** deberase buscar o usuario querotemais.videochamada@gmail.com.

As vías de consulta dixitais, como a de consulta on-line e a de mensaxería instantánea, son unhas das máis empregadas. No ano 2015 recibíronse 1.267 consultas on-line, un incremento do 3,85% en relación ao ano anterior, e 712 consultas a través de **Whatsapp** e **Telegram**, un 20,30% máis que no ano 2014.

Os servizos de videochamada son cada vez máis empregados pola mocidade, co que se agarda unha boa acollida pola súa parte así como pola dos axentes xuvenís como educadores, profesorado ou monitores, xa que tamén poderán asesorarse a través desta vía para poder traballar cos mozos e mozas en espazos como escolas, centros socioculturais ou campamentos.

EN PORTADA NOVAS E ACTIVIDADES

Non se admitirán as desigualdades entre alumnos e alumnas...

Martes, 08 Marzo 2016 07:52

"Artigo 18. Erradicación de prexuízos nos centros docentes:

1. Non se admitirán, no centro docente, as desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuízos, tradicións ou prácticas consuetudinarias transmisoras, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.



2. De forma directa, as docentes e os docentes non permitirán ningunha forma de machismo e de misoxinia que puidese existir no seo da comunidade escolar e, nomeadamente, entre nenos e nenas e adolescentes, aplicarán activamente principios pedagóxicos de respecto á identidade e á imaxe das mulleres".

Este o **artigo 18** dun total de 104 artigos co que conta o decreto que recolle as disposicións legais da *Comunidade Autónoma de Galicia* en materia de igualdade.

O texto completo está publicado no DOG do **17 de febreiro de 2016**.

Expóntaneas, busca o límite da cidade

Martes, 08 Marzo 2016 11:44



O **programa Expóntaneas** é unha iniciativa do *Concello da Coruña* e ten como obxectivo o impulso da creación artística emerxente mediante a realización de proxectos de intervención artística en espazos urbanos da cidade da Coruña, e está dirixido a artistas de entre 18 e 35 anos.

Os proxectos de intervención artística responderán á filosofía integradora e participativa do arte público e buscarán a recuperación do valor do espazo cotián a través do feito artístico.

Ademais, deberán cumprir as seguintes condicións:

1) Pertencer ao ámbito das artes visuais (escultura, graffiti, instalación, pintura, videoarte, etc.), das artes escénicas (danza, teatro, música, etc.) ou do deseño (arquitectura, paisaxismo e urbanismo). Os proxectos poderán fusionar elementos pertencentes a diferentes disciplinas artísticas.

2) Ter carácter orixinal ou inédito, e non ter sido presentados anteriormente nin expostos ao público.

3) Ter carácter efémero, sen provocar ningún impacto permanente no espazo público.

Caché dos proxectos:

O caché do proxectos será fixado libremente polo artista, cun importe máximo de 1.500 €, impostos incluídos.

Prazos:

O **primeiro prazo** de presentación de propostas, para os proxectos a desenvolver entre os meses de abril e xuño, será do 2 ao 17 de marzo.

O **segundo prazo** de presentación de propostas, para os proxectos a desenvolver entre os meses de setembro e decembro, estará aberto entre o **1 e o 31 de maio de 2016**.

Toda a información está dispoñible en <http://www.expontaneas.gal/>

Máis información:

CMIX. Centro Municipal de Información Xuvenil.
R/ Río Monelos 1. Teléfono: 981 184 294
cmix@coruna.es

Correspondentes Xuvenís no CPI Mosteiro de Meis

Martes, 08 Marzo 2016 12:19



Mónica, Sandra, Jose e Adriana están a colaborar durante este curso como **Correspondentes Xuvenís** no **CPI Mosteiro de Meis**.

Aquí están acompañadas/o por *Sandra*, a profesora responsable do programa no **CPI Mosteiro**.

Parabéns polo seu traballo!!!

Ágoramobidade. Xornada sobre Programas de Mobilidade

Martes, 08 Marzo 2016 12:41



A *Consellería de Política Social* a través da *Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado* organiza o vindeiro **15 de marzo**, na *Facultade de Económicas e Empresariais da USC*, unha xornada sobre programas de mobilidade internacional. Un foro de encontro entre as administracións e entidades que impulsan e participan en programas de mobilidade, e os mozos que están interesados en participar nestes programas.

A **ÁgoraXove de Mobilidade** enmárcase nun programa da *Consellería de Política Social*, orientado á creación de espazos que faciliten a participación dos mozos galegos na vida social, económica e cultural da nosa *Comunidade Autónoma*; a través da celebración de **12 foros** en distintos puntos da nosa xeografía que fomenten e consoliden o protagonismo dos mozos na súa contorna.

PROGRAMA DE ACTIVIDADES.

09.30 - 10.00 RECEPCIÓN de participantes - acreditación.

10.00 - 14.00 ÁREA EXPOSITIVA. Zona de mostra asociativa onde estarán representadas máis de dez entidades especializadas en programas de mobilidade e cooperación internacional.

10.00 - 10.45 MESA REDONDA. "Experiencias de mobilidade no estranxeiro, factor de éxito na inserción laboral"

- Cecilia Vázquez Suárez, Directora Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.
- Manuel Carneiro Caneda, Conselleiro Delegado IFFE Bussines School.

10.50 - 11.50 PONENCIA "Youth Leadership: Competencias transversales para a mobilidade"

- Pepe Martínez Fernández, Experto en Comunicación e Habilidades Directivas. Director do Colexio Maior Fonseca.

11.50 - 12.10 Pausa

12.10 - 13.00 Espazo Comparte

- Ponencia **"Intermusic"** Proxecto de Fin de Grado estudantes Ciencias da Comunicación para levar a música a toda europa.
- Ponencia **"Europa a punto"** Percorrido polas diferentes opcións da Escola de Tempo Libre Don Bosco para a mobilidade por europa.

13.10 - 14.00 Ponencia "AIESEC"

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Área de asesoramento - asociacionismo e participación.
- Área informativa programas Dirección Xeral de Xuventude 2016:
 - Iniciativa Xove
 - Voluntariado Xuvenil

- Deseñando o teu futuro
- Xuventude Crea
- Correspondentes Xuvenís 3.0
- Quérote+
- Garantía Xuvenil

LUGAR DE REALIZACIÓN

Facultade de Económicas e Empresariais da USC.
Campus Norte, Av. do Burgo das Nacións, s/n, 15782 Santiago de Compostela, A Coruña.

PRAZAS LIMITADAS A 80 PARTICIPANTES

Correspondentes Xuvenís: A información máis próxima

Martes, 08 Marzo 2016 13:16



No **Faro de Vigo** do **8 de marzo** publicouse un artigo sobre o **Programa da Dirección Xeral de Xuventude, Correspondentes Xuvenís 3.0**. Nel recóllese a filosofía do programa así como a experiencia de **Correspondentes do Concello de Cangas**.

Faro de Vigo do 8 de marzo de 2016.

Xornadas de educación non formal Ágora Xove

Mercres, 09 Marzo 2016 10:38



Ágora Xove é un programa da **DXXPV** orientado á creación de espazos que faciliten a participación dos mozos galegos na vida social, económica e cultural da nosa comunidade autónoma a través da celebración de **10 foros** estruturados a través de actividades que valoren e consoliden o protagonismo dos mozos na súa contorna. Os principios rectores do **programa Ágora Xove** son os seguintes:

1. Proximidade. A temática e o programa de actividades estará deseñado en función das particularidades sociais, económicas e culturais observadas no ámbito territorial no que se desenvolve cada un dos foros. Para o que se solicitará a colaboración no seu deseño e desenvolvemento ás administracións locais e ao tecido empresarial, docente e asociativo implicado.

2. Participación e empoderamento xuvenil. O programa de actividades aspira a facilitar o acceso á información e aos recursos existente en materia de mocidade; e promoverá a participación activa dos mozos e mozas no desenvolvemento sostible, económico e social da súa contorna; a través do fortalecemento do tecido asociativo.

3. Dialogo coa administración e a sociedade civil. A través do dialogo estruturado, **Ágora Novo** aspira a ser un espazo de encontro para a reflexión conxunta entre mozos e mozas e figuras relevante da administración e a sociedade civil galega.

OBXETIVOS DO PROGRAMA:

1. Fomento do espírito emprendedor dos mozos e mozas e apoio á posta en marcha de ideas innovadoras na súa contorna.
2. Promover a participación e o dialogo: crear espazos de participación e encontro novos/administración/sociedade civil co fin de intercambiar información e experiencias sobre temas de interese para os mozos.
3. Promoción de actividades formativas e lúdicas de carácter transversal no ámbito da educación non formal orientadas ao desenvolvemento da autonomía persoal dos mozos: fomentar actuacións en materias de voluntariado e asociacionismo.
4. Sostenibilidade e sensibilización ambiental da poboación nova.

Centro Coordinador de información xuvenil

Xoves, 10 Marzo 2016 07:18



O **Centro Coordinador de Información Xuvenil** é o responsable de coordinar as *oficinas locais de información xuvenil de Galicia* e os **Espazos xove** que pertencen a **Rede Galega de información xuvenil** e atende directamente a mocidade, ben persoalmente, ben por teléfono ou correo electrónico.

Que che ofrecemos?

- A posibilidade de obter os seguintes carnés: Carné xove, estudante internacional, xove internacional, alberguista e de profesor.
- Ofrecémosche información xeral e especializada.
- Formación no ámbito da Xuventude dentro da educación non formal.

- Asesoramento e inscrición no Programa de garantía xuvenil.
- Información e orientación de ofertas de emprego público e privado
- Asesoramento e axuda para a elaboración do teu currículo
- Asesoramento para participar en procedementos de recoñecementos de competencias profesionais.
- Información sobre programas de mobilidade e programas europeos: Eryca, Eurodesk
- Información e orientación sobre estudos e bolsas.
- Documentación sobre temas xuvenís
- Conversas en inglés pola semana.
- Poder participar como correspondente de Antenas de información xuvenil.
- Asesoramento afectivo-sexual.
- Asesorámosche para constituír unha asociación xuvenil.
- Un espazo onde poder reunirte, estudar ou facer traballos cos teus amigos e amigas ou compañeiros, mediante solicitude previa do local.
- Prensa
- Axudámosche a cubrir a documentación que teñas que entregar na Administración
- E intentamos axudarte naquelas demandas que nos formule. Tamén admitimos todas as propostas e suxestións sobre programas que che gustaría que se ofrecesen desde a Dirección xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

Onde estamos?

Estamos na rúa Ramón Piñeiro, nº 17-19, en Santiago de Compostela (ao lado do Parlamento).

Podes poñerte en contacto con nós a través dos seguintes teléfonos:

881 997 604-605-606-607-608-609 en horario de 8.30 a 20.00 h.

informacion.xuventude@xunta.es

Probas de avaliación en competencias clave

Venres, 11 Marzo 2016 09:11



A Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral convoca **probas de avaliación** en competencias clave para acceder aos **certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3** de cualificación, nas seguintes competencias clave:

Comunicación en lingua galega.
Comunicación en lingua castelá.
Comunicación en lingua estranxeira (inglés).
Competencia matemática.

Requisitos:

Para acceder á formación de módulos formativos dos certificados de profesionalidade do nivel de cualificación profesional 1 non se exixirán requisitos académicos nin profesionais.

Para acceder á formación dos certificados de profesionalidade de nivel 2, considérase que posúen a formación básica necesaria as persoas que acrediten posuír as seguintes titulacións, certificacións ou acreditacións:

- a) Certificado de profesionalidade de nivel 2.
- b) Certificado de profesionalidade de nivel 1 da mesma familia e área profesional.
- c) Título de graduado ou graduada en educación secundaria obrigatoria (LOE).
- d) Título de graduado ou graduada en educación secundaria (LOXSE).
- e) Título profesional básico (Real decreto 127/2014).
- f) Superar os módulos obrigatorios dun programa de cualificación profesional inicial (PCPI).
- g) Superar un curso de formación específico para o acceso a ciclos de grao medio en centros públicos ou privados autorizados pola Administración ducativa.
- h) Ter superada a proba de acceso aos ciclos formativos de grao medio.
- i) Requisito académico de acceso a ciclos formativos de grao medio.
- j) Título de técnico auxiliar (FP1).
- k) Título de técnico (ciclo formativo de grao medio).
- l) 2º de BUP cun máximo de dúas materias pendentes entre os cursos de 1º e 2º de BUP.

- m) 2º curso do primeiro ciclo experimental de reforma das ensinanzas medias (REM).
- n) Título de técnico deportivo.
- o) Título de técnico de artes plásticas e deseño.
- p) Oficialía industrial.
- q) Título de técnico militar.
- r) Tres cursos comúns do plan de 1963 ou 2º curso de comúns experimental, das ensinanzas de artes aplicadas e oficios artísticos.
- s) Dous cursos comúns do plan experimental do ano 1984 (artes aplicadas e oficios artísticos).
- t) Ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos ou para maiores de 45 anos.
- u) Ter superados os estudos regrados e as probas do sistema educativo que se recollen no anexo V desta resolución.
- v) Outros estudos declarados equivalentes para efectos académicos con algún dos anteriores.
- w) Calquera titulación, certificación ou acreditación que dea acceso aos certificados de profesionalidade de nivel 3 de cualificación.

As probas dos dous niveis serán o sábado día **21 de maio de 2016**.

O lugar de realización das probas prevese que sexa na **Fundación Semana Verde Silleda** (Pontevedra).

O **prazo** para presentar a solicitude estará aberto ata o **2 de abril de 2016**.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es/> co procedemento **TR306A**.

Máis información no DOG do 11 de marzo de 2016 e en <http://traballo.xunta.es/portada-competencias-clave>

NOVAS FORMACION

OUTROS CURSOS

Programa de prácticas copatrocinadas UNESCO/ISEDIC 2016

Martes, 08 Marzo 2016 07:59

1.- ENTIDADES ORGANIZADORAS/CONVOCANTES

Organización Educacional, Científica e Cultural das Nacións Unidas (UNESCO) e Centro Internacional para o Desenvolvemento da Enerxía Sustentable (ISEDIC).

2.- DESTINATARIOS

Titulados universitarios en Economía de non máis de 35 anos que dominen o inglés.

3.- DATA LÍMITE

15 de abril de 2016.

4.- MÁIS INFORMACIÓN

Os seleccionados desenvolverán as actividades do programa en institucións especializadas da Federación Rusa do 3 ao 28 de outubro de 2016. Pódese solicitar a participación nos seguintes campos de estudo, aliñados cos obxectivos e prioridades programáticas de UNESCO:

- Enerxía e Desenvolvemento Sustentable.
- Xestión ecolóxica de recursos enerxéticos.
- Enerxía renovable.
- Xeración de potencia enerxética sustentable e renovable.

5.- FONTE, PAGINA WEB Ou PERSOA DE CONTACTO

<http://www.unesco.org/new/en/fellowships/programmes/unescoisedc-co-sponsored-fellowships-programme/>

Nin tan perfecta é a ciencia nin tan sublime a arte. Laboratorio de ideas con Antoni Socías

Martes, 08 Marzo 2016 16:52

O Centro Galego de Arte Contemporánea organiza o curso **Nin tan perfecta é a ciencia nin tan sublime a arte.**

Tomando como punto de partida a actitude crítica do artista para con todo o relacionado coa arte e a sociedade que a promove de forma recorrente, este laboratorio pretende, máis alá de calquera cuestionamento das actitudes máis acomodaticias do sistema, indagar sobre as evidentes necesidades dun futuro tan incerto coma urxente. Nun ensaio escrito en 1996, Antoni Socías equiparaba, nunha combinación de rigor e ironía, o mundo da arte -a todos os niveis- ao ecosistema do deserto; e para isto instaba a "emprender de maneira imperativa a recuperación espiritual e funcional do deserto que xeramos".



CENTRO GALEGO
DE ARTE
CONTEMPORÁNEA

Datas:

Venres, 1 de abril, de 17:00 a 20:00.

Sábado, 2 de abril, de 11:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00.

Destinatarios: artistas profesionais, estudantes de arte de cursos avanzados, filósofos e científicos con inclinación pola arte e a cultura (físicos, matemáticos, biólogos, psiquiatras...).

Prazas: 15

Inscrición: As persoas interesadas poden inscribirse enviando unha mensaxe electrónica a cgac.educacion@xunta.es ou chamando ao teléfono 981 546 602. As solicitudes deberán ir acompañadas dunha carta de motivación, un breve currículo e un dossier profesional. Ademais, deberán incluír os seguintes datos: nome completo, enderezo de correo electrónico e teléfono de contacto. Unha vez que lles confirmemos a inscrición, enviámoslles as indicacións precisas para facer efectiva a matrícula.

Matrícula: 20 €

Dirección: Antoni Socías

Coordinación: Virginia Villar

Máis información no CGAC, teléfono 981 546 602

http://cgac.xunta.es/GL/actividad-detalle/116/taller_antoni_socias_GAL#sthash.V0sKvKsW.dpuf

NOVAS FORMACION

CURSOS DE TEMPO LIBRE

Curso de Monitor/a de tempo libre na Coruña

Martes, 08 Marzo 2016 08:28

A Escola de Tempo Libre Querqus organiza un curso de Monitor/a de tempo libre na Coruña.



Datas: do 17 de marzo ao 17 de xuño de 2016.

Lugar: nas instalacións do IES Agra do Orzán de A Coruña.

Máis información na Escola de Tempo Libre Querqus, teléfono 651 921 380.

etlquerqus@gmail.com

Curso de Monitor/a de actividades de tempo libre na Coruña

Xoves, 10 Marzo 2016 00:00



A **Escola de Tempo Libre da Cruz Vermella** organiza un curso de **Monitor/a de actividades de tempo libre na Coruña.**

Lugar: A Coruña

Data de inicio: 1 de abril de 2016

Data de finalización: 5 de xuño 2015

Destinatarios:

O curso está dirixido a todas aquelas persoas que queren dedicar a súa actividade profesional á educación e animación de grupos (infancia, maiores, persoas maiores,...) dende a perspectiva de educación en valores.

Os requisitos para acceder á formación, e establecidos pola Xunta de Galicia no Decreto 50/2000 son ser maior de 18 anos e estar en posesión do graduado escolar (ESO) ou ser técnico/a auxiliar en FP.

Temporalización:

O curso consta de dúas fases, unha teórico-práctica cunha duración de 200 horas lectivas, e outra práctica de 150 horas.

Fase teórica-práctica:

O inicio do curso será o 16 de outubro, e rematará o 20 de decembro.

O horario establecido será venres de 16.00 a 21.00, sábados de 09.00 a 14.00 e 15.30 a 20.30, e os domingos de 09.00 a 14.00

Fase práctica:

Unha vez superada a fase teórico-práctica, o alumnado dispón de aproximadamente 2 anos para realizar as súas prácticas en diferentes ámbitos (campamentos, asociacións xuvenís, centros de día, parques infantís...)

Máis información

Escola de Tempo Libre da Cruz Vermella

Rúa Cruz Vermella Española, nº 1

A Coruña

Teléfono: 981 221 000

<http://formacion.cruzvermella.org/>

Curso de Monitor/a de tempo libre na Guarda

Xoves, 10 Marzo 2016 10:11



A **Escola de Tempo Libre Pasatempos** organiza un curso de **Monitor/a de tempo libre na Guarda.**

Datas: do 2 de abril ao 19 de xuño de 2016.

Horarios: sábados e festivos de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 21:00 e os domingos de 9:00 a 14:00

Lugar: Obradoiro de emprego da Guarda. Carretera Tui-A Guarda s/n

Máis información na Escola de Tempo Libre Pasatempos, teléfono 693 603 349

<https://es-es.facebook.com/pasatempos.tempolibre>

Curso de Monitor/a de tempo libre en Arteixo

Xoves, 10 Marzo 2016 10:13

A **Escola de Tempo Libre Aldebarán** organiza un curso de **Monitor/a de tempo libre en Arteixo.**

Datas: do 12 de marzo ao 29 de xuño de 2016.



Horarios: sábados e festivos de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 21:00 e os domingos de 9:00 a 14:00.

Lugar: Centro de maiores Baiuca. Travesía de Arteixo 247. Baixo.

Máis información na Escola de Tempo Libre Aldebarán, teléfono 881 922 031 e 981 270 168.

<https://es-es.facebook.com/escola.aldebaran>

Curso de Monitor/a de tempo libre na Coruña

Xoves, 10 Marzo 2016 10:14



A **Escola de Tempo Libre Liceo La Paz** organiza un curso de **Monitor/a de tempo libre na Coruña.**

Datas: do 18 de marzo ao 26 de abril de 2016.

Horarios: de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 21:00.

Lugar: Colexio Liceo la Paz. R/Sebastián Martínez Risco 12. A Coruña

Máis información na Escola de Tempo Libre Liceo la Paz, teléfono 981 286 122 e 981 286 299.

Curso de monitor/a de actividades de tempo libre en Pontevedra

Xoves, 10 Marzo 2016 12:09



A **Escola de tempo libre Formagal formación e servicios S.L.** organiza un curso de **monitor/a de actividades de tempo libre en Pontevedra.**

Lugar: Rúa Italia, nº 37 andar 1º oficina 6. Monteporreiro (Pontevedra).

Opción 1:

Datas: do 11 de abril ao 6 de xuño de 2016 de luns a venres (en horario de mañá ou de tarde a eleixir un deles).

Opción 2: Formación intensiva de 20 días.

Datas: do 11 de abril ao 6 de maio de 2016 de luns a venres (5 horas de mañá e 5 horas de tarde).

Máis información en Formagal. Teléfono de contacto: 986 107 007.

<http://www.formagal.es/>

info@formagal.com

Curso de monitor/a de actividades de tempo libre en Pontevedra

Venres, 11 Marzo 2016 07:44



A **Escola de tempo libre Aika** organiza un curso de **monitor/a de actividades de tempo libre en Pontevedra.**

Lugar: Rúa Gorgullón 42, baixo. Pontevedra.

Datas: do 30 de marzo ao 25 de maio de 2016.

Horario: de luns a venres de 9.00 a 14.00 h.

Máis información na Escola de tempo libre Aika. Teléfono 986 84 84 86.

<http://www.aikaformacion.com/escuela-de-tiempo-libre-aika.html>

Curso de monitor/a de actividades de tempo libre en Vigo

Venres, 11 Marzo 2016 07:51



A **Escola de tempo libre Aika** organiza un curso de **monitor/a de actividades de tempo libre en Vigo.**

Lugar: Rúa Conde de Torrecedeira 90, baixo-2. Vigo.

Datas: do 15 de marzo ao 18 de maio de 2016.

Horario: de luns a venres de 9.00 a 14.00 h.

Máis información na Escola de tempo libre Aika. Teléfono 886 11 24 84.

<http://www.aikaformacion.com/escuela-de-tiempo-libre-aika.html>

Curso de monitor/a de actividades de tempo libre en Mondariz

Luns, 14 Marzo 2016 06:52



O **Concello de Mondariz** organiza un **curso de monitor/a de actividades de tempo libre**, que impartirá a **escola de tempo libre Fervenza**.

Inclúe o título de manipulador de alimentos.

Requisitos:

Ter 18 anos cumpridos.

Ter calquera destas titulacións: Graduado en Educación secundaria, graduado escolar, técnico auxiliar de FP ou equivalente.

Duración: 300 h. (200 h teóricas + 150 h prácticas).

Datas de realización: Do 15 de abril ata o 19 de xuño.

Horario: Sábado e domingos de 9 a 14h e de 15:30 a 20:30.

Custo: 190€ para un grupo de 20 persoas. Se o número aumenta poderá reducirse o prezo. O pago pode ser fraccionado.

Período de inscrición: Do 14 de marzo ata o 7 de abril.

Período de pagamento de matrícula: Do 8 ao 12 de abril.

Documentación para a inscrición:

- *Solicitud*
- *Fotocopia do DNI*
- *Copia da titulación*

Máis información e inscricións: Oficina Municipal de Información Xuvenil. OMIX.

R/Ramón e Cajal s/n
36870 Mondariz
Teléfono: 986 656 058
omix@concellodemondariz.com

BOLSAS E AXUDAS → CONVOCATORIA XERAL

Convocadas axudas para estadias predoutorais INDITEX-UDC 2016

Xoves, 10 Marzo 2016 11:33

Estas axudas dirixidas a investigadores/as, deberán estar matriculados/as a tempo completo nun programa de doutoramento na **UDC**.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **30 días naturais** desde o día seguinte á publicación desta convocatoria no **TEO** da **UDC**.

Máis información www.udc.es

BOLSAS E AXUDAS → FORMACION PRACTICA

7 Bolsas na Dirección Xeral de Farmacia e Produtos Sanitarios da Generalitat Valenciana

Luns, 14 Marzo 2016 08:10

Para o fomento da formación complementaria en diversas materias 2016.

1.- ENTIDADE ORGANIZADORA/CONVOCANTE

Generalitat Valenciana, Conselleria de Sanidade Universal e Saúde Pública.

2.- DESTINATARIOS:

- Non ser maior de 35 anos.
- Licenciados/as-graduados/as en Farmacia.
- Non ser beneficiario de bolsas de prácticas profesionais na Generalitat por un período igual ou superior a 36 meses.

Ampliar información en bases reguladoras.

3.- DATA LÍMITE:

Ata o 22 de marzo de 2016.

4.- MÁIS INFORMACIÓN:

Bolsas:

- 1 bolsa para a realización de prácticas profesionais no programa do xestor de Farmacovigilancia e vixilancia de produtos sanitarios.
- 1 bolsa para a realización de prácticas profesionais no Programa do Xestor de Establecementos Sanitarios de Atención Farmacéutica.
- 2 bolsas para a realización de prácticas profesionais no Programa de Comisións Multidisciplinares de Consenso Terapéutico.
- 1 bolsa para a realización de prácticas profesionais no Programa de Estudos Clínicos de Medicamentos e Produtos Sanitarios na Comunitat Valenciana (PECME).
- 1 bolsa para a realización de prácticas profesionais no Programa de Asistencia Farmacéutica en Atención Ambulatoria e Hospitalaria.
- 1 bolsa para a realización de prácticas profesionais no Programa de Modernización de Xestión Farmacéutica Sociosanitaria.

A incorporación do bolseiro non será, en ningún caso, anterior ao **31 de xullo de 2016**. Ofrécese unha dotación: 12 meses

5.- FONTE, PAGINA WEB OU PERSOA DE CONTACTO

Presentación de bolsas a través da sede electrónica da *Generalitat Valenciana*.

<http://www.sede.gva.es/>

BOLSAS E AXUDAS → MOBILIDADE

Bolsas Internacionais para Licenciados e/ou Graduados 2016

Luns, 14 Marzo 2016 08:08

1.- ENTIDADE ORGANIZADORA/ CONVOCANTE

Instituto de Astrofísica de Canarias (IAC).

2.- DESTINATARIOS

Licenciados e ou Graduados recentes, residentes en España, que queiran investigar en Astrofísica e realizar unha tese doutoral nun país que subscribise algún acordo co IAC na materia.

3.- DATA LÍMITE

15 de abril de 2016.

4.- MÁIS INFORMACIÓN

As bolsas concederanse por un ano renovable ata un máximo de tres, e poderán gozarse en Reino Unido ou Italia.

5.- FONTE, PAGINA WEB Ou PERSOA DE CONTACTO

[<http://www.iac.es/pdf/ensenanza/559.pdf>

] <http://www.iac.es/pdf/ensenanza/559.pdf>

Contacto: [<mailto:secens@iac.es>] secens@iac.es

Bolsas MECD/Fulbright para estudos artísticos e xestión cultural en EE.UU.

Luns, 14 Marzo 2016 08:09

(curso 2016/2017)

1.- ENTIDADE ORGANIZADORA/CONVOCANTE

Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, Secretaría de Estado de Cultura.

2.- DESTINATARIOS:

Españóis que estean en posesión dun título superior expedido por unha universidade española ou recoñecido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ou nas condicións especificadas na Convocatoria.

Ademais deberán ter unha carta de acceso ou invitación dun centro estadounidense.

3.- DATA LÍMITE:

Ata o 9 de abril de 2016

4.- MÁIS INFORMACIÓN:

A finalidade da bolsa é contribuír á formación dos españois que desexen ampliar estudos artísticos ou de xestión cultural en universidades e centros de EE.UU para o curso 2016/2017. A asignación mensual será de 1.600 a 2.400 dólares segundo Universidade ou centro de destino. Ademais, abonarase o billete de ida e volta e gastos varios (de 2.300 a 2.600 dólares), máis os gastos de matrícula e taxas (máximo 34.000 dólares).

5.- FONTE, PAGINA WEB OU PERSOA DE CONTACTO

Presentación de solicitudes a través da páxina web.


www.fulbright.es/ <<http://www.fulbright.es/>>
registro@comision-fulbright.org

Bolsas de investigación da Embaixada de Francia en 2016

Luns, 14 Marzo 2016 09:19

A **Embaixada de Francia** ofrece ao Ministerio de Educación español **catro bolsas de investigación** dun mes de duración durante o ano 2016.

Estas bolsas destinaranse a profesores españois de francés dun centro público universitario ou a estudantes españois de terceiro ciclo de francés que desexen ir a Francia, no marco dun proxecto de investigación ou de preparación dunha tese doutoral, nos campos seguintes:



- a) Lingüística ou literatura francesa.
- b) Didáctica de francés como lingua estranxeira.
- c) Tradución ou terminoloxía (francés/español).
- d) Francés sobre obxectivos específicos.

Os candidatos deberán cumprir os requisitos seguintes:

- a) Emprender xa investigacións nas áreas citadas anteriormente.
- b) Ser licenciado en Filoloxía Moderna (sección de francés), en Filoloxía Románica, en Literatura Francesa ou equivalente.

O prazo de presentación de solicitudes finalizará o **24 de abril de 2016**.

Máis información no BOE do 14 de marzo de 2016.

PREMIOS E CONCURSOS

PREMIOS E CONCURSOS

Concurso de fotografía 'Alliance Française'

Martes, 08 Marzo 2016 08:04

1.- CONVOCANTE

